



BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN “CONCILIA BARBADÁS 2020”

As presentes bases regularán o proceso de inscrición nos “Campamentos concilia de verán” no ano 2020. Trátase dun programa de conciliación con actividades que terá lugar nos meses de verán, xullo e agosto, de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas da mañá, organizado polo Concello de Barbadás.

1. NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS

1.1 Ofértanse 140 prazas por cada quincena coa seguinte distribución:

10 prazas en cada un dos seguintes campamentos:

- Campamento urban “A” (3 a 6 anos) A Valenzá
- Campamento urban “B” (3 a 6 anos) A Valenzá
- Campamento urban “C” (7 a 12 anos) A Valenzá
- Campamento multideporte (7 a 12 anos) A Valenzá
- Campamento Barbadás (5 a 12 anos)
- Campamento As Lamas (5 a 12 anos)
- Campamento Piñor (5 a 12 anos)
- Campamento Sobrado (5 a 12 anos)
- Campamento Parada (5 a 12 anos)
- Campamento Santa Uxía (5 a 12 anos)
- Campamento Loiro (5 a 12 anos)
- Campamento Finca Fierro (5 a 12 anos)
- Campamento Bentraces (5 a 12 anos)
- Campamento do Fonsillón (5 a 12 anos)

1.2 Quendas: Todos os campamentos se ofertan para cada una das quincenas, sendo éstas:

- 1º quincena xullo (6 a 17 de xullo)
- 2º quincena de xullo (20 a 31 de xullo)
- 1º quincena agosto (3 a 14 de agosto)
- 2º quincena de agosto (17 a 28 de agosto)



1.3 Cada campamento terá un número máximo de 10 prazas, e un número mínimo de 9 participantes para a súa realización.

1.4 Os solicitantes podrán participar en 2 quendas podendo solicitar ata 3 diferentes e indicando a orde de prioridade (antes de conceder o 2º turno de campamento darase prioridade a quen non participase en ninguna).

2. PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.

2.1 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios necesarios se os precisaran.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade se recolla a non necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

Os requisitos sinalados serán condición para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante no campamento.

2.2 Porén, a organización reservará en cada quenda un 5% das prazas para os solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33% que cumpra os requisitos do punto 2.1.

2.3. En función do tipo de discapacidade, poderían excepcionarse a algún tipo de actividade dentro da programación. De selo caso, o participante non podería participar nesa actividade específica.

3. REQUISITOS.

Serán requisitos indispensables para participar nos campamentos:

- Que o/s proxenitor/es estén traballando no periodo solicitado de disfrute do campamento.
- Que teñan a idade cumprida requirida para o campamento que se solicita no momento da solicitude.

4. PRAZOS.





O prazo de inscrición será desde o luns 22 ata o xoves 25 de xuño (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo en caso de non cubrir a totalidade das prazas.

Nos días inmediatamente posteriores ao prazo de inscrición (cando se contrasten todos os datos) sairá a listaxe de admitidos/admitidas publicada na páxina web do Concello de Barbadás xunto cas listas de espera.

5. ADXUDICACIÓN.

5.1 No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.

5.2 A adxudicación realizarase segundo a orde de prioridade fixada na solicitude.

5.3 No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas:

- As prazas serán preferentemente para usuarios que teñan polo menos 1 proxenitor empadroado no Concello de Barbadás. No caso de que, as solicitudes que cumpran con este criterio supere ao de prazas dispoñibles, resolverase usando como criterio, entre éstas, o resultado obtido o 26 de febreiro do Sorteio anual de letras de prioridade no procedemento de admisión 2020/2021 da Xunta de Galicia (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013).
- Os solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de espera, seguindo a orde establecida no apartado anterior, primeiro os solicitantes que teñan polo menos 1 proxenitor empadroado no Concello de Barbadás ordeados segundo o especificado no apartado 5.2, e despois os solicitantes que non cumpran dito criterio, ordeados segundo o resultado obtido o 26 de febreiro do Sorteio anual de letras de prioridade no procedemento de admisión 2020/2021 da Xunta de Galicia (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013).
- No caso de que varios irmáns presenten solicitude para o mesmo campamento e quenda, o feito de que un dos irmáns sexa admitido, suporá a admisión dos demais irmáns.
- No caso de que o solicitante se lle adxudiquen dous campamentos, a adxudicación do segundo campamento quedará condicionada a que non existan en lista de espera de dito campamento solicitantes aos que non lle adxudicase ningún campamento.

5.4 Os solicitantes admitidos deberán realizar o pagamento e presentar o xustificante de pago no prazo e forma que se indicarán na publicación dos listados de admitidos/as.



5.5 A presentación do xustificante de pago dentro deste prazo suporá a confirmación da praza no campamento urbano. A non presentación do xustificante de pago no prazo indicado suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5.6 Para os solicitantes que se atopen no punto 2.2, seguirase o mesmo procedemento.

5.7 As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres.

6. INSCRICIÓNS.

6.1 As inscricións realizaranse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
- De forma presencial no rexistro con cita previa (Casa do Concello 988360000, Oficinas A Valenzá 988393168).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

6.2 Deberá presentarse a seguinte documentación:

- A folia de inscrición individual debidamente cumprimentada que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor a actividade.
- Xustificante certificado pola empresa do horario laboral e das vacacións solicitados no ano 2020 durante o periodo dos campamentos do proxenitor ou proxenitores.
 - o No caso de proxenitores divorciados/separados acreditarán ademáis do anterior, a custodia durante o periodo do campamento solicitado.
 - o No caso de traballadores autónomos presentarán declaración xurada do horario laboral e das vacacións solicitados no ano 2020, e o recibo do último mes da cuota de autónomo.
 - o No caso de familias monoparentais terán que acreditar dita condición.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade conforme o especificado no apartado 2.1.
- Libro de familia (só no caso de que o/a menor non dispoña de DNI para proceder á comprobación de datos).

6.3 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.



7. PAGAMENTO.

- O custo da praza para os solicitantes é de 20 euros por neno/a.

O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / IBAN: ABANCA (A VALENZÁ): ES21 2080 5342 5431 1000 9242

*Indicando como concepto “Campamentos de verán concilia Barbadás”, e o nome e apelidos do menor.

Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do neno/a de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 48 horas antes do inicio da actividade.

8. CHAMAMENTO POR LISTA DE ESPERA.

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde ós solicitantes en lista de espera, que deberán efectuar o pagamento nun prazo de dous días unha vez recibida a comunicación telefónica da súa admisión na actividade. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ó seguinte solicitante da lista.

9. NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

É obrigatoria a asistencia. Un 25% de faltas sen xustificar dará lugar a baixa automática no campamento. Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia:

- Xustificante médico por enfermidade ou ingreso do/a neno/a ou de familiar co que conviva.

No caso de que o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a de baixa no campamento. A baixa do/a neno/a do campamento non dá dereito a devolución do importe pagado.

10. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Educación, Concellería de Deportes e Mocidade.

Teléfonos de información:

Casa da Xuventude: 988391526

Educación: 988246885

<http://www.barbadas.es>





CONCELLO DE BARBADÁS

A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento dos campamentos.

